



## BASES DOMINGO PIÑATA 6 Marzo 2022

### 1.- INSCRIPCIÓN:

O **PRAZO DE INSCRIPCIÓN** rematará o **Xoves 3 de Marzo de 2022**, pasado ese día non se inscribirá a ningún participante. A inscrición farase no email [entroidolourenza@gmail.com](mailto:entroidolourenza@gmail.com) enviando para elo a folla de inscrición debidamente cuberta así como unha declaración responsable do participante en caso de participación individual, unha declaración responsable da persoa que exerza como representante no caso do resto de categorías ou unha declaración responsable do pai, nai ou titor legal no caso dos nenos menores de idade, ademais da fotocopia do DNI da persoa que exerza como representante do disfraz. Unha vez feita a inscrición recibirán confirmación via email.

As bases, así como a folla de inscrición e declaración responsable poden solicitarse no email [entroidolourenza@gmail.com](mailto:entroidolourenza@gmail.com) ou descargalas na páxina web do Concello de Lourenzá.

Os dorsais poderán recollese o domingo 6 de Marzo (Domingo de piñata) no recinto feiral dende ás 14:00 ás 16:00h.

2.- Poderán participar neste concurso, tódalas persoas que así o desexen e cumpran os requisitos de inscrición. Cada participante será responsable do dano ocasionado a terceiros.

3.- Apelamos á responsabilidade individual de cada un á hora de participar neste concurso. Respetaranse sempre as medidas decretadas polo protocolo Covid-19 vixentes. Actualmente o protocolo covid da Xunta de Galicia en materia da celebración dos Actos de entroido decreta:

- Uso da mascarilla en todo momento en exteriores, tanto público como participantes
- Respetar a distancia de seguridade
- Certificados covid segundo a normativa vixente.

Os participantes deben coñecer e asumir o risco en canto a un posible contaxio, aínda cando a organización adopte toda unha serie de medidas para que o contaxio non se produza.

4.- Os participantes que non leven dorsal non serán puntuados para o concurso. Os participantes que se apunten fora da súa categoría serán descalificados pola organización.

5.- Prégase a tódolos participantes que sigan as instrucións da organización para poder facer o desfile coa máxima orde posible.

6.- Quedarán descalificados aqueles concursantes que non cumpran as bases, entorpezan ou provoquen atrasos, que non leven a mascarilla correctamente colocada ou que levando animais os maltraten.

7.- Por ser un acto para tódolos públicos, non se permitirán representacións obscenas que poidan ferir a sensibilidade dos espectadores.

8.- Os participantes sairán do recinto feiral ás 16:30h e percorreren as rúas da vila ata a Praza do Conde Santo.

9.- Considerase **GRUPO** a partir de 3 integrantes. No caso de grupos infantís, serán considerados como grupo infantil onde os nenos sexan menores de 12 anos e o número de nenos sexa como mínimo o dobre que de adultos.

10.- Considerase **CARROZA** ao vehículo de tracción mecánica coa maioría dos seus integrantes encima da carroza en todo momento (50% dos integrantes como mínimo)

11.- As **COMPARSAS** non poderán usar turutas, só percusión. As **CHARANGAS** non poderán utilizar instrumentos que impliquen sacar a mascarilla para totalos.

12.- XURADO: estará compostos por membros de distintas asociacións do Concello de Lourenzá e un representante do Concello. Realizarán puntuacións ao longo do traxecto premiando a orixinalidade, inxenio, deseño e interpretación.

13.- PREMIOS: Establecense dúas categorías xerais (infantil e adulto) divididas en subcategorías. A entrega de premios farase na Praza do Conde Santo unha vez remate o desfile e trala deliveración do xurado. Os ganadores terán que recoller o premio ataviados co Disfraz ou Dorsal.

#### CATEGORÍA INFANTIL

POSTO	INDIVIDUAL	PARELLA	GRUPO
1º	60€	150€	250€
2º	50€	100€	200€
3º	40€	75€	150€

#### CATEGORÍA ADULTO

POSTO	INDIVIDUAL	PARELLA	GRUPO	CARROZAS	CHARANGAS E COMPARSAS
1º	150€	200€	300€	350€	350€
2º	100€	150€	250€	250€	250€
3º	75€	100€	200€	150€	150€

#### PREMIO ESPECIAL AO MÁIS CHISTOSO: 100€

14.- A organización resérvase o dereito de cambiar o percorrido, suspender o desfile por causas de forza maior ou sempre que as inclemencias meteorolóxicas impidisen o regular desenvolvemento do mesmo.

15.- ACEPTACIÓN DAS BASES E PERMISO DE UTILIZACIÓN DE IMAXES: A presentación neste concurso implica a aceptación das presentes bases, así como que as imaxes que a organización realice durante o concurso sexan subidas a redes sociais.

16.- Tódalas incidencias non previstas nas presentes bases serán resoltas pola organización e o xurado.